

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 18 de xullo de 2014
--

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o dezaioito de xullo do ano dous mil catorce, ás trece horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados, don Rosendo Luis Fernández Fernández, don Plácido Álvarez Dobaño, don Antonio Montero Fernández, don Emilio José Pazos Ojea, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don José Manuel Freire Couto, don José Antonio Feijóo Alonso e don Eladio Mangana Nóvoa os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste a interventora, dona Mónica Legaspi Díaz, e dá fe do acto, o secretario xeral, don Francisco Cacharro Gosende.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO DÍA 11 DE XULLO DE 2014.- Unha vez examinada a acta da sesión que tivo lugar o día once de xullo de dous mil catorce, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

2.- SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE BANDE PARA OBRAS DE SOTERRAMENTO DE LIÑAS DE DISTRIBUCIÓN DA ILUMINACIÓN PÚBLICA NO ACCESO Ó GRUPO ESCOLAR.- No Pleno de data 30 de abril de 2014 acordouse aproba-lo expediente nº 2/2014 de modificación das bases de execución do orzamento, destinando unha subvención de 21.967,31 euros a favor do Concello de Bande, para as obras de soterramento de liñas de distribución da iluminación pública no acceso ó grupo escolar, con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01.

Unha vez incorporado o remanente de crédito ó orzamento correspondente ó ano 2014, vista a solicitude de subvención formulada polo alcalde do mencionado concello por importe de 21.925,20 €, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ó Concello de Bande, nos seguintes termos:

-Importe: 21.925,20 €.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 18 de xullo de 2014
--

-Obxecto: obras de soterramento de liñas de distribución da iluminación pública no acceso ó grupo escolar.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, debidamente aprobados polo órgano correspondente.

-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2014

3.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE VILAMARTÍN DE VALDEORRAS.- No Pleno de data 28 de febreiro de 2014 acordouse aproba-lo expediente nº 1/2014 de modificación das bases de execución do orzamento, destinando unha subvención de 2.000,00 euros a favor do Concello de Vilamartín de Valdeorras, para obras de mantemento e equipamento das oficinas municipais, con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01.

Unha vez incorporado o remanente de crédito ó orzamento correspondente ó ano 2014, vista a solicitude de subvención formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ó Concello de Vilamartín de Valdeorras, nos seguintes termos:

-Importe: 2.000,00 €.

-Obxecto: obras de mantemento e equipamento das oficinas municipais.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, debidamente aprobados polo órgano correspondente.

-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2014

4.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.- Unha vez vista a relación dos gastos propostos polos distintos servizos da Deputación, co fin de toma-lo acordo pertinente sobre os devanditos gastos, aplicando o artigo 26.2.c) e 60.2 do Real

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 18 de xullo de 2014
--

Decreto 500/1990, do 20 de abril, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo** de recoñecemento e liquidación das obrigas que se relacionan:

Aplicación orzamentaria	Acredor	Concepto	Importe €
45311/22199	Grupo Antolín Instalaciones, SL	Factura 003000738, do 26.11.2013, de materiais de Vías e Obras.	3.048,47.-
45312/22111	El Parabrisas, Talleres y Servicios, SL	Factura 01/17982, do 31.07.2010, reparación vehículo OU-5849-V.	86,01.-
92011/21300	Ingeniería Gallega de Telecomunicaciones, SL	Factura 1145/11/13, do 26.11.2013, instalación e configuración de novas extensións telefónicas no Servizo de Augas e no Centro Cultural.	217,80.-
92011/21300	Cafeteras Auromar, SL	Factura FV3/0000880, do 26.11.2013, reparación de máquina de aire acondicionado.	315,82.-
45012/22601	García Gayol, José Antonio	Factura A/76, do 10.05.2012, materiais varios obra Concello Lobios.	2.872,34.-
45012/22601	José Estévez As Ferreiras, SL	Factura 0012000804, do 31.08.2012, traballos medioambientais realizados no Concello de Baltar nos meses de abril a xuño do 2012.	7.080,00.-
45012/22601	Discomóvil Show, SL, SOC.Unipersonal.	Factura 041, do 27.10.2011, sonorización e iluminación festival “Carnivalsound Xinzo 2011”.	2.950,00.-
91211/22601	Compostela Promocións Culturais, SL	Factura 009/05/2011, do 4.05.2011, campaña “sábados de lecer” servizo infantil de ludoteca nos meses de xaneiro a abril do 2011.	8.670,00.-
45012/20700	Cid Menor, José	Factura 10/2011, do 4.10.2011, obra, transporte e colocación escultura “nimbos da luz” na Insua dos Poetas-Madarnás-O Carballiño-Ourense. Importe bruto: Retención IRPF: Importe líquido:	16.800,01.- 3.266,67.- 13.533,34.-
92011/22200	Cableuropa, SAU	Factura AA13-000450648, do 1.09.2013, telefonía.	2.649,27.-
92011/22200	Cableuropa, SAU	Factura AA13-000400632, do 1.08.2013, telefonía.	2.679,90.-
92011/22200	Cableuropa, SAU	Factura AA13-000501557, do 1.10.2013, telefonía.	2.642,79.-
92011/22200	Cableuropa, SAU	Factura AA13-000553120, do 1.11.2013, telefonía.	2.667,38.-
92011/22200	Cableuropa, SAU	Factura AA13-000611288, do 1.12.2013, telefonía.	2.657,26.-

5.- FINALIZACIÓN DO PROCEDEMENTO DE REVISIÓN DE OFICIO DO DECRETO DA PRESIDENCIA DO 5 DE MARZO DE 2014 POLO QUE SE

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 18 de xullo de 2014

ADXUDICOU Á UTE CONSTITUÍDA POR DON JUAN JOSÉ CASADEVALL ÁLVAREZ E DON ROBERTO TURNES REY O CONTRATO ADMINISTRATIVO ESPECIAL PARA A XESTIÓN DA ESCOLA DE EQUITACIÓN DE VILAMARÍN.-

Mediante acordo do 16 de maio de 2014, a Xunta de Goberno acordou incoar expediente de revisión de oficio do decreto da Presidencia do 5 de marzo de 2014 polo que se lle adxudicou á UTE constituída por don Juan José Casadevall Álvarez e don Roberto Turnes Rey o contrato administrativo especial para xestión da Escola de Equitación de Vilamarín.

Ó inicia-la instrución do expediente, detectouse a existencia dun recurso de reposición contra o dito acto, interposto por Equus Ourense, SL con data 9 de abril de 2014.

Unha vez tramitado o mencionado recurso de reposición, mediante decreto da Presidencia do 15 de xullo de 2014 procedeuse á súa estimación anulando o decreto do 5 de marzo que fora obxecto de recurso.

Como consecuencia da referida resolución, produciuse a perda sobrevida do obxecto do procedemento de revisión de oficio incoado pola Xunta de Goberno o 16 de maio de 2014, ó anularse o acto administrativo que se propuña revisar.

Por conseguinte, prodúcese a causa de finalización do procedemento prevista no artigo 87.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico, administracións públicas e procedemento administrativo común.

Polo exposto, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

- Declara-la finalización do procedemento de revisión de oficio do decreto da Presidencia do 5 de marzo de 2014 polo que se lle adxudicou á UTE constituída por don Juan José Casadevall Álvarez e don Roberto Turnes Rey o contrato administrativo especial para a xestión da Escola de Equitación de Vilamarín ó anularse o acto obxecto de revisión mediante decreto da Presidencia do 15 de xullo de 2014, polo que se estimou o recurso de reposición interposto con data 9 de abril por Equus Ourense, SL, ordenando o arquivo do expediente.

6.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se suscitaron.

7.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non houbo.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 18 de xullo de 2014
--

E, ás trece horas e trinta minutos, do referenciado día dezoito de xullo do ano dous mil catorce, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,